



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dezoito de setembro de dous mil dezoito, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de setembro de 2018**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de setembro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Real decreto-lei 12/2018, de 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información (Boletín Oficial do Estado número 218 do 8 de setembro de 2018).
- Resolución do 6 de setembro de 2018, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, Ministerio de Economía e Facenda, pla que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Orde do 29 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica a Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 172, do 10 de setembro de 2018).
- Orde do 28 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Coopera Galicia 2018 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal, mediante a distinción pública de proxectos de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 174, do 12 de setembro de 2018).
- Escrito de don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada o día 14 de setembro de 2018, co número 0/6327, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dende o día 14 de setembro ao 17 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos.

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Aprobación do expediente de contratación: "Reordenación do espazo peonil rúa Estanque. O Temple". Expediente número 2018/C003/000019

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 30 de xullo de 2018 foi redactado o proxecto básico e de execución denominado "Reordenación do espazo peonil rúa Estanque" polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, co núm. de Colegiado 2833, cun orzamento de 37.190,08 € sen IVE, 45.000,00 € IVE incluído.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2018, como un dos investimentos financeiramente sostibles incluídos no modificativo do expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito número 1/2018.

Consta a conformidade técnica ao proxecto do arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta o certificado de retención de crédito emitido polo interventor municipal de data 7 de agosto de 2018, por importe de 45.000,00 € e con cargo á partida 1532 60900.

Consta a acta de replanteo de data 13 de agosto de 2018, asinada polo redactor do proxecto e polo arquitecto municipal.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido o 4 de setembro de 2018 polo arquitecto municipal.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 13 de setembro de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.



Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 13 de setembro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopa a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C003/000019, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adjudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "**Reordenación do espazo peonil rúa Estanque. O Temple**", cun valor estimado de 40.909,09 euros, e cun orzamento base de licitación de 45.000,00 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto, por importe de 45.000,00 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532.60900.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

- Presidente: O Sr. alcalde e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.  
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
A arquitecta técnica municipal e, como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal.
- Secretaria: A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao 13 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1781/2018 e remata coa resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente número 1820/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1781/2018	07/09/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de setembro de 2018
1784/2018	07/09/2018	Recargas a XCE S.A. por declaración extemporánea sen requirimento previo da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral e recargas polo inicio do período executivo: exercicios 2016, 2017, e 1º e 2º trimestre de 2018
1785/2018	07/09/2018	Petición doc. previa adxudicación
1786/2018	10/09/2018	Alta no servizo de axuda no fogar MBS
1787/2018	10/09/2018	Aprobación do "Modificado do proxecto de reforma de local comercial para uso de oficinas municipais" asinado con data do 23 de agosto de 2018 polo arquitecto municipal, obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, e adxudicada á empresa "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L."
1788/2018	10/09/2018	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 13 de setembro de 2018, con carácter supletorio da correspondente ao día 30 de agosto de 2018
1789/2018	10/09/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: YLC
1790/2018	10/09/2018	Conceder a axuda alta subministración auga CRG por importe de 381,33 euros
1791/2018	10/09/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: EGR
1792/2018	10/09/2018	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: ASC
1793/2018	10/09/2018	Denegar a axuda alimentación, segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: IMR
1794/2018	10/09/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: r.r. estimatorio en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria expdte 92/2018
1795/2018	10/09/2018	Autorización de condutores asalariados na licenza de taxi nº 25 e baixa dos actuais. TEdC 2018/G003/001735
1796/2018	10/09/2018	Autorización condutor asalariado na licenza de taxi nº 26
1797/2018	10/09/2018	Aprobación lista de admitidos nas actividades deportivas de verán 2018



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1798/2018	10/09/2018	Expediente de execución do gasto correspondente á aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa do solo para a execución no ámbito da estrada Cambre-Temple
1799/2018	11/09/2018	Conceder a axuda material escolar e libros de texto a NPG por importe de 78,65 euros
1800/2018	11/09/2018	Corrección erro -Arranxo sistema antipánico porta entrada CEIP EGL de Brexo-Lema
1801/2018	11/09/2018	Expedientes sancionares de tráfico: DR (P 4630) masivo
1802/2018	11/09/2018	Iniciar expediente de orde de execución a don FMRP para a poda e roza da vexetación proveniente da finca sita en Anceis que está a invadir a vía pública
1803/2018	11/09/2018	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto de 2018 e o seu pagamento
1804/2018	11/09/2018	Iniciar expediente de orde de execución a don CIR para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Fontenla, Pravio, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. e árbores coas polas secas a menos de 50 metros dunha edificación
1805/2018	11/09/2018	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MCV para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Fontenla, Pravio, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. e troncos secos a menos de 50 metros dunha edificación
1806/2018	11/09/2018	Iniciar expediente de orde de execución a don ARV para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Fontenla, Pravio, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación
1807/2018	12/09/2018	Expediente de xeración de crédito núm. 12/2018. Plan AFD 2018/19
1808/2018	12/09/2018	Corrección de erros Resolución nº 1721/2018 de data 24 de agosto de 2018
1809/2018	12/09/2018	Delegación de funcións os días 13 e 14 de setembro de 2018 no primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
1810/2018	12/09/2018	Contrato menor a KALANDRAKA EDITORA, S.L. Adquisición de libros para as bibliotecas municipais
1811/2018	13/09/2018	Ordenación de pagamentos correspondentes ás resolucións de alcaldía nº 1577/2018 de 30 de xullo de 2018 e nº 1669/2018 de 13 de agosto de 2018
1814/2018	13/09/2018	Acuerdos de inicio procedementos sancionadores de tráfico
1815/2018	13/09/2018	Expediente de reposición legalidade urbanística por utilización de local sito en rúa Constitución, O Temple, Cambre para almacenamento de material de electricidade sen licenza nin comunicación previa presentada. Propiedade: GG, S.L.
1816/2018	13/09/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DR 4635 A 12
1817/2018	13/09/2018	Expediente de reposición legalidade urbanística por rúidos procedentes de local sito en Costa da Tapia, O Temple. Propiedade: T, S.A.U.
1820/2018	13/09/2018	Expediente sancionador por rúidos procedentes de local sito en Costa da Tapia, O Temple. Propiedade: T, S.A.U.

##### 5º. Informes doutros asuntos de área



### **Informes da Alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta do seguinte asunto:

- Acompañado do concelleiro don Juan González Leirós mantivo unha reunión co Delegado do Goberno na Coruña en relación coa Vía Ártabra.
- Acudiu á reunión no Consorcio As Mariñas en relación coa auditoría encargada polo Concello de Oleiros.
- Participou nos actos inaugurais e de clausura da I Open Science de Cambre que tivo lugar os días 15 e 16 do presente mes de setembro.

Dona María Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- O luns día 10, as 09:00 horas, mantiveron unha reunión na Alcaldía co presidente e tesoureiro da Asociación de veciños de Sigrás.
- O martes día 11, recibiu no seu despacho á Asociación de Mulleres "Antonia Dans", co obxecto de facer a solicitude do local da unitaria de Cecebre.
- O venres día 14, asistiu á festa de Bribes invitada pola Directiva.
- O sábado 15, asistiu á presentación da Open Science en Cambre.
- O domingo día 16, asistiu á misa e procesión da Virxe dos Dolores, na igrexa parroquial de Sigrás, onde cantou o coro parroquial, finalizando o acto coa actuación da banda de música Sementeira.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación**

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta do seguinte asunto:

- Mantivo unha reunión con varias persoas preocupadas pola situación creada coa empresa xestora do Hábitat.

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 10 de setembro mantivo unha reunión coas nais e pais novos no Mañanceiro.
- O día 13 de setembro asistiu aos consellos escolares das escolas infantís do Temple e A Barcala, así como a unha reunión intercentros.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- O día 10 de setembro ás 18:30h asistiu a unha reunión da xunta directiva da Asociación Mariñas-Betanzos no Concello de Abegondo.
- O día 11 asistiu a unha reunión do consello escolar no CEIP Portofaro ás 12h na sala de mestres.
- O día 15 ás 12:00h asistiu á inauguración da I Open Science Cambre.

### Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta do seguinte asunto:

- O sábado 15 e domingo 16 de setembro tivo lugar a I Open Science Cambre, unha feira científica e investigadora co lema "Prohibido non Tocar", que tivo un enorme éxito de participación e asistencia.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:

- Prórroga ao contrato administrativo suscrito con "Axiña Servicios Deportivos, S.L." para a prestación do "Servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais", promovidas polo departamento de deportes do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos oitos concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**Único: Prórroga ao contrato administrativo suscrito con "Axiña Servicios Deportivos, S.L." para a prestación do "Servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais", promovidas polo departamento de deportes do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000001**

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de setembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que no expediente nº 2016/C004/000001, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e un de novembro de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade "Axiña Servicios Deportivos, S.L." o "Servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais", asinándose o correspondente contrato o día 1 de decembro de 2016.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, este ten un prazo previsto de execución de dous anos prorrogable a outro ano máis previo acordo do órgano de contratación, adoptado a petición do contratista tres meses antes da finalización do contrato principal, tal e como consta na



cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas, e epígrafe 4 do anexo I do cadro de características do contrato.

Visto o escrito presentado por don Antonio Yáñez Porto, administrador da entidade "Axiña Servicios Deportivos, S.L." con data do 6 de setembro de 2018 e rexistro de entrada número 0/6139, no que se solicita a prórroga do contrato.

Visto o informe favorable emitido con data 14 de setembro de 2018 polo coordinador de actividades culturais e educativas, adscrito á área de educación do Concello de Cambre, no que consta que o adxudicatario cumpriu coas prescricións técnicas contractuais, por conseguinte pódese prorrogar este contrato nos prazos establecidos no correspondente prego de cláusulas administrativas.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 4 do anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 303.1 do RD Lexislativo 3/2011 que aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 14 de setembro de 2018

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Prorrogar por un ano máis (dende o 1 de decembro de 2018 ata o 1 de decembro de 2019), e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito co licitador "Axiña Servicios Deportivos, S.L.", con CIF B-15835721 e domicilio na Polígono do Temple, nave 43-44 - 15679 Cambre (A Coruña) para a prestación do "Servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais" do Concello de Cambre (Expediente 2016/C004/000001)

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos departamentos municipais de Educación, Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López